

EIXE 2 | A Recuperación como meta

Philautía

Entidade executante

Asociación Galega de xogadores anónimos. AGALURE

Ámbito territorial

A Coruña

Persoas Destinatarias

Persoas diagnosticadas con adicción sen substancia ou comportamental, que estean realizando tratamento no centro da entidade e se diagnostique necesidade de asistir ao programa, por tendencia ou prevención cara o suicidio . No 2020 atendeuse a 120 persoas

Obxectivos

- Adoptar medidas para a prevención do suicidio.
- Reducir o acceso a medios para autolesionarse ou suicidarse
- Implementar a protección das persoas con elevado risco de suicidio así como a do seu entorno social e familiar
- Detectar precozmente o risco suicida
- Abordar e tratar adecuadamente as condutas suicidas

En termos operativos, o obxectivo será reducir, a taxa de suicidios e de tentativas, comparada coa taxa media anual dos últimos 5 anos (7.36 casos por cada 100.000 habitantes no período 2011-2015), no período 2016-2020.

Metodoloxía

Empréganse estes tipos de intervencións:

A Individual Placement and Support (IPS). A finalidade é a procura, obtención e mantemento de emprego, dotando ás persoas con trastorno mental de oportunidades na participación de actividades significativas e a súa inserción social. Esta intervención fundamenta a súa intervención en 8 principios básicos; o enfoque dun emprego competitivo; elección do tipo de emprego segundo os intereses e elección do usuario; desenvolvemento laboral dividido nas partes que o compoñen; procura rápida de emprego; apoio individualizado no proceso de procura de traballo; intervir no posto real de traballo; apoio e seguimento continuo; e dotación dunha planificación financeira.

EIXE 2 | A Recuperación como meta

Plan de Saúde Mental de Galicia poscovid-19

A Integrated Supported Employment (ISE) . Consiste en sumar a intervención WSST ao proceso antes mencionado que segue a intervención IPS

A WSST consiste na mellora das habilidades sociais.

Trabállase a comunicación verbal e non-verbal, a asertividade, imaxe persoal e social e habilidades básicas de conversación. Tras iso, avánzase ás habilidades básicas relacionadas co emprego. Estas son pautas sociais a desenvolver en situacións específicas no posto laboral, como son o manexo de conflitos, entrevistas de emprego e resolución de problemas. É recomendable que as sesións se realicen previo ao traballo estándar das habilidades sociais descritas na o libro *"Social skills training for psychiatric patients"*

A Assertive Community Treatment (ACT) basea a súa intervención na inserción social e comunitaria mediante a mellora do nexa persoa-contorna, a través dos servizos de saúde comunitarios; Consiste en de forma individualizada, posibilitar a asistencia dos usuarios a avaliacións clínicas e de soporte nas épocas de crises, estas poden ser visitas a domicilio, asistencia psicosocial, asesoramento de apoio, estratexias para confrontar o estigma social ou metas de emprego. Outra parte da intervención consiste en ofrecer asistencia para xestionar as citas médicas con apoio ou garantías de dereitos sociais. A última parte da intervención dota de intervencións psicoeducativas familiares 2 horas por mes durante un ano polo equipo terapéutico completo.

A Escala de Desesperanza de Beck (BHS), esta escala avalía e analiza o risco suicida da persoa. Trátase dunha escala onde os ítems que a compoñen dotan dunha puntuación final, e en base a dita puntuación pódese avaliar o risco suicida da persoa.

Diagrama de depresión H.A.E.P. (H.A.R.D.)

Permítenos valorar a intensidade da depresión da persoa usuaria